

# LICENZAS E COTAS

Tempada 2024/25. Circular 24-04.

## 1.Introdución

Para a tramitación de licenzas, será requisito imprescindible estar ao corrente de pago de todas as obrigas económicas (cotas de inscrición, licenzas, cota anual, sancións....)

No presente documento cando se fala de idade entenderase como a **idade cumprida a 31 de decembro do último ano da tempada en vigor** (idade = ano de nacemento - segundo ano da tempada en vigor) agás que se indiquen os anos expresamente onde prevalecerá a especificación dos anos.

**Será requisito para a solicitude de licenza estar en posesión de DNI PARA PERSOAS ESPAÑOLAS ou NIE NO CASO DE PERSOAS ESTRANXEIRAS. As persoas que non presenten o DNI/NIE terán un prazo de 60 días a partir da data de solicitude da licenza para ser presentado, transcorrido dito prazo sen presentar a documentación que conteña o DNI/NIE xunto cos datos obrigatorios, a licenza pasará a estar caducada mentres non se presente a correspondente acreditación.**

## 2.Pagamentos

Os pagamentos serán realizados mediante talón nominativo a nome da Federación Galega de Natación ou a través de transferencia bancaria á conta de ABANCA código: ES10 2080 3529 6430 4002 8643 especificando claramente o concepto da transferencia.

## 3.Cotas dos clubs

Os clubs aboarán unha cota por cada unha das modalidades nas que vaia a solicitar licenzas.

As modalidades nas que se pode solicitar licenza na FEGAN son: natación, natación artística, wáter-polo, saltos, natación máster e natación artística máster.

Primeira modalidade: 220 euros

Seguintes modalidades (por cada unha delas): 95 euros

Para os clubs de nova creación na súa primeira modalidade aplicaráselle unha bonificación do 50% sobre a cota correspondente.

**O pagamento da cota de modalidade será imprescindible para a solicitude de licenzas en dita modalidade.**

## 4.Cotas das licenzas tempada 2024/25

### Licenza de deportista, adestrador/a e máster:

Primeira licenza de deportista, adestrador/a ou máster	50,00
Primeira licenza de deportista, adestrador/a ou máster solicitada a partir do 1 de marzo	30,00
Segunda licenza **	30,00
Terceira licenza e posteriores **	10,00

**Licenza de deportista entre 6 e 16 anos XOGADE e licenzas de promoción \*:**

Primeira licenza anos 2009 a 2014 ámbolos incluídos	45,00
Primeira licenza anos 2009 a 2014 ámbolos incluídos solicitada a partir do 1 de marzo	27,00
Segunda licenza anos 2009 a 2014 ámbolos incluídos **	27,00
Primeira licenza 2015 e posteriores. Licenza promoción (so cambia o prezo)	27,00
Segunda licenza 2015 e posteriores. Licenza promoción (so cambia o prezo) **	20,00
Terceira licenza e posteriores **	10,00
Ampliación de licenza de Escola a Deportista non promoción antes do 1 de marzo ***	30,00

**Licenza de escola:**

Anos 2012 e posteriores. Non permite participación en competición oficial FEGAN, ver punto 6.	25,00
-----------------------------------------------------------------------------------------------	-------

**Licenza de árbitro/árbitra:**

Árbitro/árbitra	24,00
-----------------	-------

**Licenza de directivo/a:**

Directivo/a ****	25,00
------------------	-------

\* As licenzas do ano 2018 e posteriores van no seguro FEGAN.

\*\* Cando se refire a primeira, segunda, terceira e posteriores licenzas, estase a referir a licenzas dunha mesma persoa nunha mesma entidade.

\*\*\* Estes casos han de ser notificados vía correo a [licenzas@fegan.org](mailto:licenzas@fegan.org) no momento de facer a solicitude.

\*\*\*\* No caso de dispor de licenza de adestrador/a esta licenza non será necesaria.

Será imprescindible que as licenzas estean validadas para inscribirse e participar en calquera competición organizada pola FEGAN.

Para tramitar licenzas de deportista, tramitárase en primeiro lugar a licenza dun/ha adestrador/a con titulación de Adestrador Auxiliar ou Superior pola ENE ou adestrador/a deportivo de nivel II ou III, na especialidade deportiva correspondente.

Todos os/as adestradores/as terán que ter tramitada a súa licenza na tempada en vigor, para exercer como tales.

Para a tramitación da licenza de adestrador/a, débese estar en posesión de calquera titulación deportiva aceptada pola Real Federación Española de Natación.

Para o acceso a competicións Territoriais (Campionatos Galegos) e ter os dereitos recoñecidos como adestrador/a nestes eventos, débese estar en posesión de titulación de Adestrador Auxiliar ou Superior pola ENE ou adestrador/a deportivo de nivel II ou III na especialidade deportiva correspondente.

De forma transitoria, durante a tempada 24/25, permitirase a recepción do compromiso por escrito do adestrador/a de estar en proceso de obtención da titulación esixida para tal fin enviando copia da matrícula no curso correspondente.

A FEGAN poderá consultar a base de datos E. N. E. para a validación de licenzas. Autorizando a este proceso á FEGAN no momento da solicitude de licenza.

As licenzas de deportista en promoción son licenzas de deportista, teñen exactamente a mesma cobertura, o

único que cambia respecto dunha licenza de deportista en non promoción é o prezo.

Todas as licenzas de deportista, máster, adestradores/as, directivos/as e árbitros/as, deberán ser solicitadas a través do LEVERADE e validadas pola FEGAN. As licenzas deberán realizarse o antes posible (preferentemente durante o mes de setembro), debendo **estar en estado de «validada» polo menos 10 días antes de finalizar a inscrición en calquera competición.**

## 5. Solicitudes de licenza a través do LEVERADE

### 5.1. Convencións

#### 5.1.1. Maiúsculas e acentuación

Recoméndase o uso de maiúsculas empregando a correspondente acentuación, poñéndoas igual que figura no documento de acreditación de identidade.

#### 5.1.2. Nomes e apelidos longos

Deben figurar igual que aparecen no documento de identidade.

### 5.2. Altas e modificación de datos

É moi importante que a data de nacemento sexa a correcta e completa en canto a día, mes e ano.

Antes de dar de alta unha nova persoa hai que asegurarse de que a persoa non está no sistema. Se tivo licenza nunha tempada pasada, e despois de busca-la non se atopa, contactar con [licenzas@fegan.org](mailto:licenzas@fegan.org) indicando os datos da persoa en cuestión para ver que pode estar a pasar.

De momento a plataforma de solicitude de licenza non permite a corrección de datos da persoa polo que para a súa modificación empregárase o formulario de actualización de datos de licenza (<https://www.fegan.org/mp/default/post/3500>).

### 5.3. Cambio de club

Cando se vaia a solicitar unha licenza dun deportista que xa licenza noutro club distinto ao da súa última licenza aceptada, hase solicitar mediante a opción Traspasos, unha vez solicitado o cambio hase informar para proceder a aceptación do mesmo:

á FEGAN no correo [licenzas@fegan.org](mailto:licenzas@fegan.org), se o anterior club é un club pertencente á FEGAN.

á RFEN, se o anterior club é un club non pertencente á FEGAN.

**Cando se solicite o cambio de club a nivel de clubs galegos, non se cubrirá o apartado 3 o cal require documentación relativa ó traspaso.**

Unha vez aceptado o traspaso, o club solicitante poderá solicitar a licenza para a actual tempada desde o propio menú de traspasos.

### 5.4. Procedemento de tramitación de licenzas por parte dos clubs

O procedemento de tramitación é o seguinte:

- a) As licenzas enviadas a «validar» procesáanse en lotes semanais, ditos lotes van de martes a luns.
- b) As licenzas solicitadas procesáranse os martes, que é o día seguinte de rematar o período do lote, dito día os clubs recibirán un correo electrónico onde se lles indicarán as instrucións a seguir para a realización do ingreso. Dito correo incluirá o **importe** das licenzas tramitadas e o **concepto** que han

de indicar no ingreso relativo a dito paquete semanal de licenzas. Así como a lista de **licenzas** pendentes de **acreditar**.

- c) **Non se procesará un novo lote** de licenzas mentres **exista** un lote previo con **licenzas pendentes de validar**.
- d) O importe do ingreso debe coincidir co importe enviado no correo electrónico coa conta relativa ás licenzas que se están a tramitar nese envío. **Non serán admitidos aboamentos parciais**.
- e) Os **xoves** (3 días despois de pecharse o lote), **en base ás transferencias recibidas até o mércores na conta bancaria da FEGAN**, e cumprindo todos os demais requisitos, **serán validadas as licenzas**.
- f) **Non se enviará o comprobante de ingreso** a non ser que sexa requirido de xeito expreso.
- g) Transcorridos 2 xoves sen que as licenzas dun lote sexan validadas por falta de acreditación ou non ser aboadas, o lote será rexeitado e as licenzas solicitadas no LEVERADE serán borradas. Posteriormente o club poderá solicitalas novamente.
- h) As licenzas só se validan os xoves. Polo que é importante ter en conta que o prazo para que unha licenza solicitada pase de solicitada a validada pode ser de 3 a 9 días en función do día en que se solicite.
- i) É importante que os clubs revisen periodicamente no LEVERADE a listaxe de licenzas tanto en estado «validada» como en estado «sen validar».
- j) Non se deben solicitar licenzas que non se vaian aboar e acreditar en tempo e forma.
- k) **As licenzas que no LEVERADE non figuran como «validadas» enténdese que non están aceptadas e polo tanto están sen asegurar**.

**Os prazos poderán verse alterados no caso de festivos.** Nestes casos, ante a dúbida, recoméndase contactar con [licenzas@fegan.org](mailto:licenzas@fegan.org) para coñecer as datas exactas de corte dos lotes.

## 5.5. Acreditación de identidade

**Só** se presentarán as **acreditacións** de identidade que **requira** a **FEGAN** (estas solicitudes irán no correo electrónico enviado ós clubs coas instrucións para formalizar as solicitudes).

**Os datos obrigatorios requiridos para a acreditación de identidade son: DNI/NIE, nome, apelidos, sexo, data de nacemento e nacionalidade.**

Tanto no caso de persoas **con nacionalidade española como NON española** realizarase mediante unha imaxe dun dos seguintes documentos: **DNI, permiso de residencia, cidadanía da unión europea, certificado da policía ou documento oficial que conteña os datos obrigatorios requiridos.** Se os datos obrigatorios veñen na mesma cara do documento, só se presentará dita cara.

**IMPORTANTE!** Prégase que no documento da acreditación de identidade se poñan borrosos ou se retiren os datos que non son obrigatorios.

A **acreditación** de identidade realizarase cunha **imaxe do documento en formato JPG** poñendo como nome do ficheiro o número FEGAN ID da persoa á que pertence por exemplo 1234567.jpg. Como referencia, o documento tamaño carné no lado máis logo ha de ter 1000 píxeles de ancho, se o documento é de tamaño folio o tamaño será de 204n8 píxeles de ancho para o lado menos longo. Estes documentos enviaranse a [licenzas@fegan.org](mailto:licenzas@fegan.org). Non se admitirá máis **dunha acreditación por ficheiro**. Poden (e mesmo se prefire) anexarse varias acreditacións nun único correo ou comprimilas previamente nun zip. No caso de presentar un documento en PDF este só poderá conter unha única páxina.

## 5.6. Outras consideracións

Cando a solicitude se trate dunha ampliación ou segunda (terceira...) licenza hase enviar un correo a [licenzas@fegan.org](mailto:licenzas@fegan.org) co asunto «Solicitude de ampliación/segunda licenza» onde se indicarán os datos da licenza en cuestión (nome apelidos...).

Os resultados que cheguen á FEGAN pertencentes a persoas con licenzas que non sexan reais ou non validadas non serán admitidos. **Amais é imprescindible enviar debidamente cuberto e asinado o Impreso de Solicitude de Licenza (ver Anexo 1). Dita solicitude enviarase a [info@fegan.org](mailto:info@fegan.org).**

## 6.Licenzas de escola

As licenzas de escola **non serán válidas para participar nas competicións oficiais** da FEGAN a excepción do campionato escolar e aquelas nas que se especifique explicitamente.

As licenzas de escola **serán solicitadas a través de LEVERADE** seleccionando o formulario escola.

A Coruña, 14 de xuño de 2024

## IMPRESO SOLICITUDE DE LICENZA DE DEPORTISTA

De conformidade co establecido na normativa vixente en Protección de Datos de Carácter Persoal, informámoslle que os seus datos serán incorporados ao sistema de tratamento titularidade da FEDERACIÓN GALEGA DE NATACIÓN con CIF G15137201 e domicilio social sito en AVD. DE GLASGOW Nº13 15008, A CORUÑA (A Coruña), coa finalidade de atender os compromisos derivados do contrato suscrito entre ambas as partes. En cumprimento coa normativa vixente, a FEDERACIÓN GALEGA DE NATACIÓN informa que os datos serán conservados o prazo legalmente establecido.

Coa presente cláusula queda informado de que os seus datos serán comunicados en caso de ser necesario a: administracións públicas e a todas aquelas entidades coas que sexa necesaria a comunicación coa finalidade de cumprir coa prestación do servizo anteriormente mencionado.

O feito de non facilitar os datos ás entidades mencionadas implica que non se poida cumprir coa prestación dos servizos obxecto do presente contrato.

Á súa vez, informámoslle que pode contactar co Delegado de Protección de Datos de FEDERACIÓN GALEGA DE NATACIÓN, dirixíndose por escrito á dirección de correo [dpo.cliente@conversia.es](mailto:dpo.cliente@conversia.es) ou ao teléfono 902877192.

A FEDERACIÓN GALEGA DE NATACIÓN informa que procederá a tratar os datos de maneira lícita, leal, transparente, adecuada, pertinente, limitada, exacta e actualizada. É por iso que a FEDERACIÓN GALEGA DE NATACIÓN se compromete a adoptar todas as medidas razoables para que estes se supriman ou rectifiquen sen dilación cando sexan inexactos.

De acordo cos dereitos que lle confire a normativa vixente en protección de datos poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, limitación de tratamento, supresión, portabilidade e oposición ao tratamento dos seus datos de carácter persoal así como do consentimento prestado para o tratamento dos mesmos, dirixindo a súa petición á dirección postal indicada máis arriba ou ao correo electrónico [info@fegan.org](mailto:info@fegan.org).

Poderá dirixirse á Autoridade de Control competente para presentar a reclamación que considere oportuna.

En último lugar, a FEDERACIÓN GALEGA DE NATACIÓN informa que coa firma do presente documento outorga o consentimento explícito para o tratamento dos datos mencionados anteriormente.

D/Dña \_\_\_\_\_ con DNI nº \_\_\_\_\_, solicita a tramitación da súa licenza territorial no club \_\_\_\_\_, pertencente á Federación Galega de Natación, para a tempada 20\_\_\_/20\_\_\_.

Asinado \_\_\_\_\_ pai/nai ou titor/a (en caso menores de idade) con DNI: \_\_\_\_\_

### ACTIVIDADE DEPORTIVA FEDERADA - XOGADE

#### Poñer aquí o logo da entidade

Dona/Don \_\_\_\_\_ con DNI \_\_\_\_\_ autoriza a (nome da entidade) \_\_\_\_\_ no que está federada/o súa/seu filla/o \_\_\_\_\_ a introducir os datos necesarios na aplicación de inscricións do programa Xogade (Xogos Galegos Deportivos) da Secretaría Xeral para o Deporte para a participación no mesmo.

Os datos que se achegarán serán: Nome, Apelidos, Xénero, NIF (se o ten), Data de Nacemento e Nivel educativo.

Estes datos serán utilizados unicamente a efectos de mutualización no seguro de accidente deportivo asociado á súa licenza federativa.

Esta autorización terá validez todos os anos en que a/o deportistas estea federada/o coa entidade. Poderá ser revogada en calquera momento notificándoo ao club, porén os datos de tempadas anteriores non poderán ser eliminados da aplicación.

En \_\_\_\_\_, a \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 20\_\_\_\_.

Asinado: \_\_\_\_\_.

NOTA: Os nadadores/as que realizan por primeira vez a licenza deben acompañar xustificación da data de nacemento. DNI escaneado.

## IMPRESO SOLICITUDE DE LICENZA DE ADESTRADOR/A

De conformidade co establecido na normativa vixente en Protección de Datos de Carácter Persoal, informámoslle que os seus datos serán incorporados ao sistema de tratamento titularidade da FEDERACIÓN GALEGA DE NATACIÓN con CIF G15137201 e domicilio social sito en AVD. DE GLASGOW Nº13 15008, A CORUÑA (A Coruña), coa finalidade de atender os compromisos derivados do contrato suscrito entre ambas as partes. En cumprimento coa normativa vixente, a FEDERACIÓN GALEGA DE NATACIÓN informa que os datos serán conservados o prazo legalmente establecido.

Coa presente cláusula queda informado de que os seus datos serán comunicados en caso de ser necesario a: administracións públicas e a todas aquelas entidades coas que sexa necesaria a comunicación coa finalidade de cumprir coa prestación do servizo anteriormente mencionado.

O feito de non facilitar os datos ás entidades mencionadas implica que non se poida cumprir coa prestación dos servizos obxecto do presente contrato.

Á súa vez, informámoslle que pode contactar co Delegado de Protección de Datos de FEDERACIÓN GALEGA DE NATACIÓN, dirixíndose por escrito á dirección de correo [dpo.cliente@conversia.es](mailto:dpo.cliente@conversia.es) ou ao teléfono 902877192.

A FEDERACIÓN GALEGA DE NATACIÓN informa que procederá a tratar os datos de maneira lícita, leal, transparente, adecuada, pertinente, limitada, exacta e actualizada. É por iso que a FEDERACIÓN GALEGA DE NATACIÓN se compromete a adoptar todas as medidas razoables para que estes se supriman ou rectifiquen sen dilación cando sexan inexactos.

De acordo cos dereitos que lle confire a normativa vixente en protección de datos poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, limitación de tratamento, supresión, portabilidade e oposición ao tratamento dos seus datos de carácter persoal así como do consentimento prestado para o tratamento dos mesmos, dirixindo a súa petición á dirección postal indicada máis arriba ou ao correo electrónico [info@fegan.org](mailto:info@fegan.org).

Poderá dirixirse á Autoridade de Control competente para presentar a reclamación que considere oportuna.

En último lugar, a FEDERACIÓN GALEGA DE NATACIÓN informa que coa firma do presente documento outorga o consentimento explícito para o tratamento dos datos mencionados anteriormente.

D/Dna ..... con DNI nº ....., solicita a tramitación da súa  
licenza territorial no club ....., pertencente á Federación Galega de Natación, para a tempada 20\_/20\_.

Titulación ENE ....., data.....

En....., a ..... de..... de 20.....

Asdo.: O/A adestrador/a.

## IMPRESO SOLICITUDE DE LICENZA DE PERSOA DIRECTIVA

De conformidade co establecido na normativa vixente en Protección de Datos de Carácter Persoal, informámoslle que os seus datos serán incorporados ao sistema de tratamento titularidade da FEDERACIÓN GALEGA DE NATACIÓN con CIF G15137201 e domicilio social sito en AVD. DE GLASGOW Nº13 15008, A CORUÑA (A Coruña), coa finalidade de atender os compromisos derivados do contrato suscrito entre ambas as partes. En cumprimento coa normativa vixente, a FEDERACIÓN GALEGA DE NATACIÓN informa que os datos serán conservados o prazo legalmente establecido.

Coa presente cláusula queda informado de que os seus datos serán comunicados en caso de ser necesario a: administracións públicas e a todas aquelas entidades coas que sexa necesaria a comunicación coa finalidade de cumprir coa prestación do servizo anteriormente mencionado.

O feito de non facilitar os datos ás entidades mencionadas implica que non se poida cumprir coa prestación dos servizos obxecto do presente contrato.

Á súa vez, informámoslle que pode contactar co Delegado de Protección de Datos de FEDERACIÓN GALEGA DE NATACIÓN, dirixíndose por escrito á dirección de correo [dpo.cliente@conversia.es](mailto:dpo.cliente@conversia.es) ou ao teléfono 902877192.

A FEDERACIÓN GALEGA DE NATACIÓN informa que procederá a tratar os datos de maneira lícita, leal, transparente, adecuada, pertinente, limitada, exacta e actualizada. É por iso que a FEDERACIÓN GALEGA DE NATACIÓN se compromete a adoptar todas as medidas razoables para que estes se supriman ou rectifiquen sen dilación cando sexan inexactos.

De acordo cos dereitos que lle confire a normativa vixente en protección de datos poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, limitación de tratamento, supresión, portabilidade e oposición ao tratamento dos seus datos de carácter persoal así como do consentimento prestado para o tratamento dos mesmos, dirixindo a súa petición á dirección postal indicada máis arriba ou ao correo electrónico [info@fegan.org](mailto:info@fegan.org).

Poderá dirixirse á Autoridade de Control competente para presentar a reclamación que considere oportuna.

En último lugar, a FEDERACIÓN GALEGA DE NATACIÓN informa que coa firma do presente documento outorga o consentimento explícito para o tratamento dos datos mencionados anteriormente.

D/Dña ..... con DNI nº ....., solicita a tramitación da súa licenza territorial no club ....., pertencente á Federación Galega de Natación, para a tempada 20...../20.....

En....., a .... de..... de 20\_\_.

Asdo.: A persoa directiva.